

# PROGRAMA Y NOTA DE PRENSA DEL VII OUTONO EN BUAL

**Contacto: 686 757 797 (Miguel)**

## Programa VII Outono en Bual

Venres 5:

19:00: Presentación del VII Outono en Bual.

19:15: Presentación das esposicións de fotografía d'Andrés Rodríguez Monteavaro y de Sveta Poutilina.

19:30: Concerto CARRICOBANDA.

Sábado 6:

12:00: Taller de cestas tradicionais de bringa con Verónica Álvarez.

16:00: Taller de baile tradicional con Ramsés Ilesies.

17:30: Conferencia «Gaitas ouguidas, gaitas escuitadas. Celtismo, disciplina corporal y redefinición da escuita nel fenómeno das bandas de gaitas asturianas» de Llorián García Flórez.

21:00: Cía popular (nel instituto de Bual).

23:30: Concertos OS PAMPIROLOS

TUENDA

CHOTOKOEU

MISIVA

## Nota de prensa

As xornadas culturais conocidas como Outono en Bual que s'han a celebrar en Bual (Asturias) entre el venres 5 y el sábado 6 de decembre, pechan el cartel d'este 2014 con abondos concertos, conferencias, talleres, gastronomía, productos del país y esposicións.

El venres 5, a xornada vei empezar ás 19:00 na Casa da Cultura de Bual, unde a organización y úa representación del conceyo van presentar as xornadas y as dúas esposicións qu'han a tar colgadas durante todo el festival: úa d'Andrés Rodríguez Monteavaro, titulada «Paisaxes postindustriales: úa mirada al patrimonio esqueicido» y, outra, de Sveta Poutilina, col título «Torbón de llume / ОГНЕННЫЙ ДОЖДЬ». Despóis d'estos actos de presentación y benvida, ha a chegar a música, da mao del grupo de folk gallego A Carricobanda. É a primeira vez qu'este conxunto vén a Asturias y nun vei ser el última, porque el guitarrista é Roi Sampedro, músico da antiga formación bualesa Mezá.

Pral sábado 6, a xornada vei tar mui concurrida, xa que dende a mañá vei haber ben actividades, que s'han a prolongar hasta entrada a noite. Lo primeiro vei ser el taller de cestas de bringa, a cargo de Verónica Álvarez, de Lláscara Xeoturismu y Desarrollu Rural, que vei ensinar al público cómo se fain as tradicionais paxas de toda a vida con tecido vexetal. Despóis, de tarde, ás cuatro y media, Ramsés Ilesies ha a puer al público dereto y en danza col sou taller sobre baile tradicional da zona Navia-Eo, nel que van poder participar tanto grandes como pequenos y pral que nun se necesitan nocióis d'este tipo de bailes pr'asistir. Condo remate este pequeno curso d'introducción ás danzas tradicionais, a Casa da Cultura ha a contar con Llorián García, que vén a Bual a dar úa conferencia titulada «Gaitas ouguidas, gaitas escuitadas. Celtismo, disciplina corporal y redefinición da escuita nel fenómeno das bandas de gaitas asturianas», que nun ha a deixar indiferente a naide y que vei sobre todo dirixida a músicos tradicionais y a todo el público que quira conocer a filosofía d'úa banda de gaitas.

Despóis da xornada de tarde, el Asociación Xuvenil Mezá ha a ter preparada a cía. Este ano, y despóis del éxito del edición anterior, vei haber un comedor popular nel que se van poder degustar productos del país y da terra ben cociaos. Habará menú «omnívoru» y vexetariano pra todos os gustos y os vales han a poder comprarse durante todo el Outono.

Pr'acabar el día, ás 23:30, van empezar os concertos nel Helenias da Frieira de Bual. Este espacio é úa novedá pras actividades na villa bualesa, xa qu'hai muitos anos que nun s'organiza nada neste antigo edificio que foi cine y teatro y que tantas festas armóu durante el siglo xx. Os primeiros en tocar van ser Os Pampirolos, el grupo de gaitas de Grandas, que xa tocaron el ano pasao en Bual y que son os culpables del famoso «Legao del Galo», que tanto trunfóu nas redes sociales. Despóis, Tuenda, grupo de folk asturiano que nun precisa de presentación, con Pepín de Muñalén, Ambás y Elías García. El prato forte ha a ser el grupo gallego Chotokoeu, que vén de dar úa xira por toda Europa y que acaba en Bual el sou periplo continental. El último grupo da noite vei ser Misiva, conxunto de punk-rock de Grau qu'el organización del Outono tía ganas de trer á villa bualesa dende hai dalgún ano.

A esto, hai que xuntar a novedá da rifa d'úa cesta de productos del país, tanto alimenticios como d'artesanía, valorada en más de 180 euros. As participacióis tán vendéndose y volando nos bares da villa de Bual y el sorteo vei ser el día 7 de decembre. A cesta conta con productos das empresas Embutidos Pico de Fiel, Queixeiría d'Abredo, Queisos Ca Sanchu, Cosmética Terraveya, Cerveza Caleyá, Sidra L'Allume, Artesanía Verdenaz, discos y llibros en gallego-asturiano, úa fotografía d'Andrés Rodríguez Monteavaro, ovos de Pitasana, y muitas cousas máis.

Cumple este mini-festival autoxestionao de música, gastronomía, arte y literatura sete anos, dende qu'alló pol 2008 organizara en Bual el Asociación Xuvenil Mezá úas modestas actividades col nome d'Outono Cultural. El fin d'este proyecto é motivar y dar un pouco de vida al occidente asturiano y, sobre todo, espertar as mentes d'aquellos que pasan el día delante da televisión y da cultura institucional. Tamén, este evento quer ser un acto de reivindicación das dúas llinguas tradicionais d'Asturias, el asturiano y el gallego-asturiano, y por esta razón faise tresversal el uso d'ellas nas xornadas, así como a posta en valor da cultura del país y da súa evolución nel siglo xxi, llonxe d'esteriotipos y de clichés

impostos por ningún dogma oficial.

Os actos van ser de baldre. A cultura asequible pral público é a base da filosofía del Asociación Xuvenil Mezá, que xa conseguiu afianzarse y ferse un furaco dentro das entidades organizadoras d'eventos de relevancia cultural en Asturias.

Pol Outono xa pasaron noutros anos nomes tan relevantes como Alfredo González, Mapi Quintana, Pepe el Ferreiro, Martxelo Otamendi, Guadi Galego, Pablo Texón, Michael Lee Wolfe, Jacobo de Miguel ou a xente de Felpeyu, Vallarna, Skainhead y La Tarrancha. Esta é úa señal inequívoca de qu'as xornadas que s'han vivir el 5 y el 6 de decembre en Bual xa forman parte da cultura popular asturiana.